

# Liberalismo Económico



Luís Vaz Silva  
ISLA Campus Lisboa



# **Liberalismo Económico**

**Luís Vaz Silva**

Instituto Superior de Línguas e Administração  
Campus Lisboa

Publicado polo European Liberal Forum asbl, co apoio da Asociación Galega pola Liberdade e a Democracia (Galidem) e o Movemento Liberal Social (MLS).  
Financiado polo Parlamento Europeo.

O Parlamento Europeo non é responsabel do contido da publicación. Os puntos de vista expresados na publicación son dos respectivos autores e non reflicten necesariamente os puntos de vista do European Liberal Forum asbl.

copyright @ 2012 European Liberal Forum asbl, Bruxelas, Bélxica.

Esta publicación só pode ser reproducida, arquivada ou transmitida, en calquera formato ou por calquera medio, coa autorización previa por escrito do editor. As cuestións relacionadas con a reprodución fora destes termos deben ser enviadas ao European Liberal Forum. Unha copia dixital desta publicación poderá ser obtida gratuitamente en [www.liberalforum.eu](http://www.liberalforum.eu), [www.galidem.eu](http://www.galidem.eu) ou [www.liberal-social.org](http://www.liberal-social.org).

Para informacións adicionais e distribución:

galidem - Asociación Galega pola Liberdade e a Democracia

Rua do Bispo Lago 33,

E36700 Tui (Galiza), España

[www.galidem.eu](http://www.galidem.eu)

[galidem@galidem.eu](mailto:galidem@galidem.eu)

MLS - Movemento Liberal Social

Rua Ramalho Ortigão, 31, CV DTA

1070-228 Lisboa . Portugal

[www.liberal-social.org](http://www.liberal-social.org)

[secretariado@liberal-social.org](mailto:secretariado@liberal-social.org)

Ficha Técnica:

Título: Liberalismo Económico

Serie: Unidades Didáticas sobre Liberalismo. I. Pensamento Liberal.

Autor: José-Luís Vaz Silva

Editor: European Liberal Forum asbl

Portada: Coreia do Norte e Coreia do Sul en 1992 e 2010. Extract from *Nighttime Lights of China F10-1992, F18-2010*, *Nighttime Lights*, National Geophysical Data Center, NOAA.

Revisión do texto: Eduardo L. Giménez

Tradución: Eduardo L. Giménez

Imprime: *Faster Print*

Palabras chave: liberalismo económico, liberalismo, liberal, autores liberais, economía, pensamento liberal, capitalismo.

# Índice

<b>1.</b>	<b>Introdución ao Liberalismo</b>	<b>p. 1</b>
<b>2.</b>	<b>Desenvolvemento das ideas liberais</b>	<b>p. 3</b>
<b>3.</b>	<b>Autores Liberais</b>	<b>p. 6</b>
<b>4.</b>	<b>Escolas de Pensamento</b>	<b>p. 8</b>
	<b>Para saber máis...</b>	<b>p. 9</b>
	<b>Resumo</b>	<b>p.10</b>
	<b>Actividades</b>	<b>p.11</b>



*Little else is requisite to carry a state to the highest degree of opulence from the lowest barbarism, but peace, easy taxes, and a tolerable administration of justice; all the rest being brought about by the natural course of things.*

Adam Smith, 1755







# 1

## Introdución ao Liberalismo

A cita anterior avanza a explicación de Adam Smith para a prosperidade conseguida por algunhas nacións. Adam Smith foi un dos principais expoñentes do Iluminismo escocés e é por moitos considerada o pai da economía. A súa explicación é importante porque revela a importancia que o liberalismo tivo para o desenvolvemento económico da humanidade nos últimos séculos.

### **Mais, ao final, o que é o liberalismo económico?**

A base da economía liberal é a liberdade do individuo para perseguir libremente os seus propósitos. Cando aplicado á economía, este concepto implica a liberdade para o axente económico de escoller libremente a súa profesión, tal e como se poder mover e establecer intercambios comerciais sen restrición. Existe polo tanto liberdade contractual.

Os principios de liberalismo inclúen aínda conceptos como a primacía da lei, igualdade de oportunidades e respecto pola propiedade privada.

O resultado deste conxunto de principios é a economía de mercado con liberdade para competir: o **Capitalismo**.

O liberalismo económico non se limita a ofrecer un programa económico eficaz, senon que contén tamén fortes valores morais. O respecto pola propiedade privada é unha consecuencia directa do liberalismo individual. O valor que o liberalismo confire aos dereitos e liberdades individuais xustifica moralmente o dereito do individuo a reter os froitos do seu traballo e simultaneamente adquirir patrimonio. Deste xeito, os individuos acceden á posibilidade de maior realización persoal, ao mesmo tempo que se xeran na economía actitudes independentes, ambiciosas e emprendedoras.

A esixencia de menores restricións ao comercio internacional tamén ten dimensións éticas. O desenvolvemento do comercio internacional foi crucial na redución de conflitos internacionais e diminúe a posibilidade de que nacións soberanas entren en conflito militar. Constitúe igualmente o instrumento máis efectivo ao noso dispor para reducir as diferenzas materiais entre as diferentes rexións do mundo. É a participación na economía formal (fortemente incentivada polo comercio internacional) a que permite a centos de millóns de campesiños escapar á pobreza e ofrecerlle unha vida mellor ás súas familias.

O libre comercio reduce las posibilidades de corrupción, e aumenta la transparencia en la economía. En este campo, el liberalismo debe afrontar intereses corporativos, políticas populistas e la intervención arbitraria de los estados.

# 2

## Desenvolvemento das ideas liberais

Conceptos básicos como liberdade para comprar e vender ou o dereito á propiedade privada parecen-nos hoxe en día triviais. É difícil imaxinar a vida moderna sen eles.

**Mais non sempre foi así: o sistema económico predominante en Europa antes do Capitalismo foi o Feudalismo. O Feudalismo estratificaba a sociedade en tres grupos sociais: o clero, os nobres e os campesiños (os servos da gleba). Establecíase en relacións servo-contractuais entre os campesiños e os nobres: o señor feudal fornecía seguridade, e a cambio apoderábase de todo o excedente de produción.**

Como os campesiños non podían reter o seu excedente tampouco había incentivos para aumentar a produtividade. A economía era agraria, autosuficiente e tiña escasa circulación monetaria. Consecuentemente, tamén desapareceu gran parte do comercio de longa distancia. Moitas cidades desapareceron ou reduciron substancialmente a súa dimensión. A renda per cápita en Europa Feudal era moi baixo, próximo ao nivel de subsistencia.

As novas ideas liberais atoparon moita e poderosa oposición dos señores feudais: Os reis eran tiranos con poderes case absolutos sobre os seus súbditos, e mostraban escasa inclinación cara abdicar dese poder. Os nobres tampouco querían perder os seus servos nin seren superados por unha burguesía mercantil cada vez máis próspera. Con todo, o chamamento da liberdade subxacente á nova corrente liberal íase revelar irresistible, e conseguiría maior divulgación co *iluminismo* do século XVIII.

O iluminismo foi un movemento complexo con varias vertentes locais (francesa, escocesa, etc.), Mais que basicamente pretendía:

- Abolir a monarquía absoluta;
- Diminuír a influencia da relixión e da igrexa;
- Eliminar privilexios feudais;
- Introducir a idea da igualdade ante a lei;
- Establecer gobernos constitucionais e parlamentarios;
- Levar a cabo a idea da separación de poderes;
- Eliminar barreiras á produción e ao comercio.

Estas novas ideas virían a triunfar no século XIX coa desaparición dos últimos defensores do vello réxime feudal en Europa. O século XIX é hoxe visto como a época dourada do liberalismo clásico.

Porén, é por esta altura que xorden novas correntes de pensamento que virían a cuestionar os valores liberais. O movemento socialista que resulta destas novas correntes avoga por unha maior intervención estatal na economía e unha maior planificación económica. Estas ideas gañaron moitos adeptos no ocidente co éxito das políticas keynesianas dos anos 1930: recuperación económica baseada en obras públicas. O resultado sería cada vez maior intervención estatal nas economías occidentais nas décadas seguintes.

O caso máis extremo destas ideas foi aplicado na URSS e outros países comunistas, e ficou coñecido no campo económico como *economía planificada*. Estas últimas distínguense do capitalismo pola ausencia de propiedade privada e liberdade contractual. En consecuencia tampouco existe mercado nin libre competencia. É un poder central quen decide a distribución de recursos para a produción e o consumo. As empresas teñen que cumprir metas establecidas polo poder central, e non se teñen que preocupar nin dos beneficios nin das quebras.

As economías planificadas fallaron porque:

1. Non había incentivos para os axentes económicos a inovaren ou a aumentaren a produtividade. Os excedentes eran apropiados polo poder central que eliminaba os incentivos para aumentar a produtividade, mentres que a eliminación da competencia dos clientes eliminaba os incentivos para innovar. A ausencia de competencia tamén limitaba a calidade.
2. Eran máis ineficientes que as economías capitalistas porque tiña menos sentido aforrar en empresas que non podían reter beneficios. Un problema adicional foi a dificultade que as autoridades tiñan en “adivñar” e satisfacer as preferencias dos consumidores.

Unha vez máis a superioridade das economías liberais sobre as economías planificadas non se limita á eficacia económica, senon tamén ten contornos morais. Mentres que nas economías liberais a información e o acceso a mercados están dispoñibles a todos, nas economías planificadas a información e o acceso a mercados está reservado a quen planifica, a quen está no poder, ou a quen polo poder é arbitrariamente privilexiado. Por estas razóns, as economías planificadas son en xeral preferidas polos rexímenes autoritarios, ou por quen simplemente prefire un poder discrecional anti-constitucional.

No inicio do século. XXI conceptos liberais como a propiedade privada ou a liberdade para comprar e vender son amplamente aceptadas. En realidade están de tal forma extendidas nas sociedades europeas que mesmo outras correntes de pensamento (socialistas, conservadoras, etc.) as aceptan. Nas últimas décadas xurdiron novas e populares liberdades (de movemento, de establecemento, etc.) por todo o espazo europeo.

# 3

## Autores Liberais

É moi difícil presentar unha lista pechada dos autores que contribuíron ao pensamento liberal. Son tantas as contribucións que inevitablemente incorreremos nunha grande inxustiza ao omitir a moitos entre eles. No entanto, a natureza introdutoria e non profunda desta unidade didáctica non permite outra visión.

As raíces do pensamento liberal remóntanse seguramente ata as primeiras civilizacións xerárquicas: dende que o home aprendeu a vivir en sociedades estratificadas —con reis ou reiziños no cumio da pirámide— que terá sentido a necesidade de loitar por unha maior liberdade individual.

Entre as civilizacións clásicas, e moi en particular durante varias fases do Imperio Romano, xurdiron aplicados algúns conceptos importantes para o liberalismo: a propiedade privada e a primacía da lei. A pesar da aplicación intermitente destes principios (a economía seguía moi dependente do traballo escravo) é incuestionábel o avance institucional do Imperio Romano para a súa época. Algúns historiadores defenden que se terá que agardar case un milenio despois da caída do Imperio ata que en Europa xurda de novo un marco legal tan favorable ao crecemento económico.

De feito, moitos dos pensadores dos secs. XVI e XVII prepararon a Europa para o iluminismo do século seguinte ao defender valores liberais como o pluralismo de opinións e a tolerancia relixiosa (por exemplo, Spinoza), os dereitos individuais e a igualdade entre todos os homes (Hobbes) ou o dereito internacional (Grotius). Tamén é de destacar a *Escola de Salamanca* (no campo da economía) e os movementos Protestante —énfase na interpretación individual da Biblia— e Calvinista —promoción do ethos capitalista do traballo e do aforro.

As contribucións do *Iluminismo* ao liberalismo clásico teñen múltiples facetas: así existe o Iluminismo escocés (Smith e Locke por exemplo), como existe o iluminismo francés (Turgot popularizou a expresión *laissez-faire*, e influenciou a Smith entre outros). Existen contribucións esencialmente económicas (Turgot e Smith) como existen autores con motivacións sobre todo non económicas (John Stuart Mill destacou pola defensa da liberdade individual contra o control ilimitado do estado). David Ricardo fai unha defensa convincente do libre comercio e este concepto converteuse nun dos elementos base do ideario liberal.

Jefferson, Tocqueville, Malthus, von Humboldt e moitos outros autores nos países máis diversos tamén contribuíron ao ascenso definitivo do pensamento liberal en varias partes do mundo. A finais do



“Existen dous métodos eficaces para destruír unha cidade: bombardeala ou conxelar as rendas. O segundo método é o máis eficaz.”

Milton Friedman

século XIX xa estaba amplamente difundida por todo o Occidente a idea que calquera individuo ten un dereito fundamental á súa vida, á liberdade e á propiedade.

O século XX é do ascenso das ideas socialistas: propiedade e xestión pública (en vez de privada) e igualdade de remuneración (en vez de oportunidades). O seu efecto faise sentir nas políticas keynesianas de Occidente e de forma máis extrema nas economías dirixidas dos réximes comunistas.

Por esta razón, se comprende que os pensadores liberais do século XX se teñan destacado especialmente pola súa oposición quer ao activismo estatal das políticas keynesianas, quer aos réximes totalitarios do comunismo internacional. No campo económico o principal expoñente do liberalismo do século XX é sen dúbida Milton Friedman —e o economista máis influínte do século xunto con Keynes. A vertente do liberalismo económico que avoga ficou coñecida como *Escola Monetarista*. Curiosamente el consideraba que o seu principal logro fora a abolición do servizo militar obrigatorio en Estados Unidos.

Outros autores como von Mises e Hayek tiveron un lugar destacado na defensa das ideais liberais en pleno século XX. Eles forman parte dunha corrente de pensamento coñecida como a *Escola Austríaca*. Tal vez influenciados pola súa proximidade xeográfica e cultural coas experiencias totalitarias de Alemaña e da URSS, escribiron extensamente sobre a superioridade das solucións propostas polas economías capitalistas nas democracias liberais.

Da mesma zona xeográfica provén Isaiah Berlin quen distingue entre dous tipos de liberdade (*liberdade de ... e liberdade para ...*), e que tamén se destacou polo seu traballo en relación ao Iluminismo e á pluralidade de valores humanos. Unha última referencia a Rawls e os seus principios de xustiza que se basean na liberdade e igualdade, e nas relacións que se establecen entre estes dous elementos.

# 4

## Escolas de Pensamento

Conforme a Hayek existen tres posicionamentos clásicos na filosofía política: o *liberalismo*, o *socialismo* e o *conservador*. Moitos autores liberais foron influenciados por ideas dos outros campos, ao mesmo tempo que estes recibiron moitas influencias do pensamento liberal.

### O Socialismo

O socialismo como corrente política xurdiu no século XIX, e existe en moitas variantes: do anarquismo, pasando pola socialdemocracia, ata o comunismo e outras solucións totalitarias. As preocupacións de fondo do socialismo implica conceptos como igualdade, xustiza e solidariedade. As correntes socialistas a veces se aproximan do pensamento liberal en áreas non-económicas (o liberalismo social).

### O Conservador

Ao contrario das anteriores escolas de pensamento, o conservadorismo reflicte sobre todo posicionamentos históricos específicos. Corresponde a movementos políticos ou sociais que defenden ordes sociais existentes (ou o regreso a ordes sociais vellas). Frecuentemente valora o papel da relixión, da autoridade, da experiencia histórica e das tradicións seculares das sociedades. Os conservadores asocian a idea de liberdade individual á propiedade privada, o que os achega do pensamento liberal na área económica (liberalismo económico).



## Para saber más...

- Coretin de Salle (2010) *A Tradição da Liberdade - Grandes Obras do Pensamento Liberal*

[http://books.google.pt/books?id=ZF54tQhazGgC&redir\\_esc=y](http://books.google.pt/books?id=ZF54tQhazGgC&redir_esc=y)

- O que é o Liberalismo?

<http://www.liberal-social.org/liberalismo>

## RESUMO

1. A base da economía liberal é a liberdade do individuo para perseguir libremente os seus propósitos, sexa na elección da súa profesión, na liberdade para moverse ou para establecer intercambios comerciais.
2. Engadir ao liberalismo económico conceptos importantes como o *imperio da lei*, a *igualdade de oportunidades* e *respecto pola propiedade privada* obtemos as modernas economías de mercado.
3. O liberalismo tamén contén fortes valores morais porque estimula actitudes independentes, ambiciosas e emprendedoras.
4. O libre comercio fomenta o desenvolvemento económico e institucional dos países, polo que constitúe unha das pedras angulares do liberalismo económico.
5. O capitalismo sucede ao feudalismo e distínguese deste polas diferentes liberdades e polo acceso á propiedade privada concedidos a unha maioría da poboación hasta entón dependentes dos señores feudais.
6. O movemento iluminista do séc. XVIII foi crucial no ascenso do liberalismo económico.
7. Conceptos profundamente liberais como a liberdade contractual ou o acceso á propiedade privada están hoxe en día amplamente aceptados.
8. Os autores liberais do último século destacáronse sobre todo pola súa oposición a política económica planificadas e réximes totalitarios.
9. O socialismo distínguese do liberalismo pola súa maior énfase na propiedade e xestión públicas, e por propoñer igualdade de compensación en vez de igualdade de oportunidades (coma sucede no liberalismo).
10. Os conservadores distínguense dos liberais en que valoran máis o papel da relixión, da autoridade, da experiencia histórica e das tradicións seculares das sociedades.

## ACTIVIDADES

1. Como interpreta a fotografía que aparece na portada?
2. Como traduce a afirmación de Adam Smith en inglés que aparece na introdución?
3. Cales son as características fundamentais do liberalismo económico?
4. Por que razón se afirma que máis liberalismo tende a xerar actitudes máis independentes, ambiciosas e emprendedoras?
5. Que distingue ás modernas economías de mercado das economías planificadas?
6. Que lle terá levado a Friedman a afirmar que rendas conxeladas son un método eficaz para destruír cidades?
7. Cales son as diferenzas fundamentais entre o pensamento liberal e o pensamento socialista?





